



ROGO PARA A REPARACIÓN DO FIRME DE CANTERÍA NO ACCESO Á RÚA CARAMONIÑA E Á DARSENA DE AUTOBUSES DO COLEXIO LA SALLE

A concelleira que subscribe, pertencente ao Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na marxe dereita da rúa de Ramón del Valle Inclán, en sentido ascendente, pouco despois de pasar o edificio do Centro de Arte Contemporánea pódese apreciar o notable deterioro que presenta o firme de cantería que fai as funcións de beirarrúa e que serve de acceso para a ruela de Caramoniña e as dársenas de autobuses anexadas ao aparcadoiro de La Salle.

A situación mantense desde hai varios meses e cada paso vaise agravando, ata o punto de poñer en risco a seguridade peonil ao tempo que ameaza con pasar factura ante posibles desperfectos nos vehículos que fan uso deste acceso, posto que, tal e como se pode apreciar nas imaxes que se achegan como anexo, o afundimento dun zona de unión da calzada e do acceso e zona peonil ocasiona un firme irregular, no que cada paso máis se van acentuando uns afiados perfís que cómpre evitar en beneficio de persoas e vehículos.

Á vista desta situación, formúlase o seguinte rogo:

Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se adopten as medidas pertinentes para lograr o arranxo do firme na rúa de Ramón del Valle Inclán, na zona que serve de acceso á ruela de Caramoniña e ás dársenas de autobuses anexas ao aparcadoiro La Salle.

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro de 2019

Claudio Montiel Carracedo

ANEXO FOTOGRÁFICO



O tramo da rúa Ramón del Valle Inclán deteriorada e o detalle do afundimento das pezas de cantería na súa marxe

